

O Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presenta ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN** ao respecto do **ESTUDO E APLICACIÓN DO NOVO MARCO NORMATIVO EN MATERIA DE CEMITERIOS**, para o seu debate e aprobación, se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de decembro aparecía publicada no DOG nº237 o *Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galiza*, que aborda cambios na regulación deste eido, co obxecto de adecuala ao marco normativo, competencial e social deste tempo. O referido decreto pretende “incrementar a presenza e intervención das entidades locais, asignándolles un papel destacado na materia”.

Así, o capítulo VII, que contén as normas sanitarias dos cemiterios, recolle que “nos expedientes relativos á nova construción e ampliación de cemiterios, suspensión de enterramentos, clausura ou declaración de ruína o peso do expediente levarao a respectiva administración local, limitándose a autoridade sanitaria a emitir un informe e a establecer as condicións sanitarias mínimas”.

A maiores, na disposición adicional primeira, prevese a posibilidade de que “os cemiterios preexistentes que carezan da correspondente autorización sanitaria poidan ser regularizados cumprindo uns mínimos requisitos predeterminados, mediante un mecanismo de carácter extraordinario”.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Elaboración por parte dos servizos técnicos municipais dun informe sobre a situación e problemáticas actuais de todos os cemiterios existentes no concello, así como dos cambios e posibilidades que ofrece este novo marco normativo para solucionarlas.
2. Instar ao Grupo de Goberno, á vista dos informes técnicos, á posta en marcha das medidas e solucións administrativas oportunas ao amparo da nova lexislación.

Asdo. Ramiro Rodríguez Suárez

En Xinzo da Limia, a 16 de decembro de 2014

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DA LIMIA